

# **PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA CURSO 2021-2022**

Conforme á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.  
Avaliación actualizada conforme á Orde do 25 de xaneiro de 2022.

**IES DE BARRO**

0. <u>ÍNDICE.</u>	2
1. <u>INTRODUCCIÓN.</u>	4
2. <u>CONTEXTUALIZACIÓN.</u>	7
3. <u>DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES.</u>	9
4. <u>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.</u>	10
5. <u>COMPETENCIAS CLAVE. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA AO SEU DESENVOLVEMENTO.</u>	12
5.1. <u>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</u>	12
5.2. <u>COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)</u>	13
5.3. <u>COMPETENCIA DIXITAL (CD)</u>	13
5.4. <u>COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)</u>	14
5.5. <u>COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)</u>	14
5.6. <u>COMPETENCIA RELATIVA Á INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)</u>	14
5.7. <u>COMPETENCIA RELATIVA Á CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</u>	15
6. <u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.</u>	16
7. <u>CRITERIOS METODOLÓXICOS, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.</u>	18
8. <u>INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. ENSINO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL.</u>	19
9. <u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.</u>	24
9.1. <u>DE PLANIFICACIÓN</u>	24
9.2. <u>DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</u>	24
9.3. <u>DE DESENVOLVEMENTO DO ENSINO.</u>	25
9.4. <u>DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.</u>	25
10. <u>ELEMENTOS TRANSVERSAIS.</u>	26
11. <u>PRIMEIRO CURSO DA ESO.</u>	21
11.1. <u>INCORPORACIÓN AO PROXECTO EDIXGAL.</u>	31
11.2. <u>OBXECTIVOS.</u>	31
11.3. <u>OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES.</u>	30
11.4. <u>AVALIACIÓN INICIAL.</u>	72
11.5. <u>TEMPORALIZACIÓN.</u>	72
11.6. <u>RÚBRICA CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.</u>	87
11.7. <u>PLAN LECTOR E PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA.</u>	118
11.8. <u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES NECESARIOS PARA SUPERAR A MATERIA.</u>	119
12. <u>SEGUNDO CURSO DA ESO.</u>	120
12.1. <u>INCORPORACIÓN AO PROXECTO EDIXGAL.</u>	120
12.2. <u>OBXECTIVOS.</u>	120
12.3. <u>OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES.</u>	122
12.4. <u>AVALIACIÓN INICIAL.</u>	157
12.5. <u>TEMPORALIZACIÓN.</u>	157
12.6. <u>RÚBRICA CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.</u>	169

12.7. <u>PLAN LECTOR E PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA.</u>	202
12.8. <u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES NECESARIOS PARA SUPERAR A MATERIA.</u>	202
13. <u>TERCEIRO CURSO DA ESO.</u>	204
13.1. <u>OBXECTIVOS.</u>	206
13.2. <u>OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES.</u>	206
13.3. <u>AVALIACIÓN INICIAL.</u>	257
13.4. <u>TEMPORALIZACIÓN.</u>	257
13.5. <u>PLAN LECTOR E PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA.</u>	270
13.6. <u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES NECESARIOS PARA SUPERAR A MATERIA.</u>	270
14. <u>CUARTO CURSO DA ESO.</u>	272
14.1. <u>OBXECTIVOS.</u>	272
14.2. <u>OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES.</u>	274
14.3. <u>AVALIACIÓN INICIAL.</u>	312
14.4. <u>TEMPORALIZACIÓN.</u>	312
14.5. <u>PLAN LECTOR E PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA.</u>	313
14.6. <u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES NECESARIOS PARA SUPERAR A MATERIA.</u>	313
15. <u>PLAN DE RECUPERACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PENDENTES.</u>	314
16. <u>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS.</u>	316
17. <u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.</u>	316

## 1. INTRODUCCIÓN

O «papel» pedagógico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a «Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural» (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo «O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais», mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental «Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas», mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,

a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural e non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas e desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica: a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES de Barro é un centro proxectado, en principio, para oito unidades de Educación Secundaria Obrigatoria, neste momento inclúe seis. Está situado en Outeiro-Perdecanaí, no concello de Barro.

Barro ten aproximadamente 3600 habitantes dispersos en pequenos núcleos: Agudelo, Barro, Curro, Perdecanaí, Portela e Valiñas.

A maioría dos seus habitantes viven dos cultivos e da gandeiría e aínda que se está a producir unha transición cara ao emprego no comercio e na industria, ás veces manteñen os labores agrícolas como segunda actividade, incluso sen obxectivos de rendibilidade.

A maioría dos país, de entre 35-45 anos, teñen dous fillos e adoitan compartir vivenda cos avós. Polo que respecta ao nivel de estudos, a gran maioría non acadou a ESO e incluso moitos só teñen estudos primarios, sendo moi poucos os que fixeron o bacharelato, Formación Profesional e aínda menos estudos universitarios.

A lingua habitual nos fogares é o galego, e en canto á opción lingüística da escola as familias optan case en igual número por todo o ensino en galego (excepto o obrigatorio en castelán) ou todo o ensino en castelán (excepto o obrigatorio en galego), optando polo ensino metade en galego e metade en castelán unha cantidade algo menor.

A actividade cultural destas familias é moi escasa, centrándose, case exclusivamente, en labores musicais ou nos deportes.

En canto á relación co centro, case todas a consideran moi importante, manifestando un alto grao de satisfacción por todo o concerninte ao mesmo, excepto a súa opinión sobre as actividades extraescolares que consideran escasas no que se refire a informática, deportes... Con respecto aos intereses ó rematar o ensino obrigatorio, aproximadamente dous terzos desexan seguir estudando, bacharelato e formación profesional (nesta orde), e o terzo restante quere empezar a traballar en sectores como a carpintería, a mecánica ou a estética.

Teñen unha boa aceptación do instituto como lugar de aprendizaxe e tamén, para desenvolver diferentes tipos de actividades. Algo máis da metade non está de acordo coa hora de entrada no centro, aínda que a maioría si o está coa hora de saída. Tamén consideran que a disciplina é axeitada.

É necesario facer fincapé, na falta de motivación que amosa o alumnado, na maioría dos casos, polo ambiente en que viven xa que lles outorgan moi pouca importancia aos estudos e á adquisición de cultura, sendo primordial acabar canto antes a ESO para poñerse a traballar. Aínda así, sendo Barro un concello cunha poboación moi dispersa, o centro convértese no principal lugar de socialización.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura é unipersoal, sendo o titular do mesmo Carme Picallo Ogando que se fai cargo de tódolos cursos da ESO, excepto do grupo de 4º de PMAR no que parte do ámbito lingüístico é impartida polo profesor Antonio Pena Abal, do Departamento de Francés. As horas distribúense da seguinte maneira:

Dous grupos de 1º curso da ESO: oito horas semanais.

Dous grupos de 2º curso da ESO: seis horas semanais.

3º curso da ESO: tres horas semanais.

4º curso da ESO: tres horas semanais.

4º curso de PMAR: tres horas semanais.



### 3. DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES.

**O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar»,** atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

**O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir»,** ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

**O bloque 3, «Funcionamento da lingua»,** integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

**O bloque 4, «Lingua e sociedade»,** céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

**O bloque 5, «Educación literaria»,** asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

#### 4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i ) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l ) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 5. AS COMPETENCIAS CLAVE E A CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA AO SEU DESENVOLVEMENTO.

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza por ser transversal, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que a adquisición das competencias é un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

### 1. COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

- A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: que se refiren ao coñecemento do mundo e á dimensión intercultural.

- A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos. Tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

## **2. A COMPETENCIA MATEMÁTICA E AS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

## **3. COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a

seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

#### **4. APRENDER A APRENDER (CAA)**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

#### **5. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Os elementos fundamentais da competencia social inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

#### **6. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)**

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa

adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

## **7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

Habitualmente achamos nos diversos grupos alumnas e alumnos que manifestan problemas para seguir o ritmo normal do curso. Isto pódese deber a diversas causas: carencias arrastradas de cursos anteriores, problemas de aprendizaxe por limitacións de calquera tipo, falta de interese ou de integración, etc.

Un dos casos que se deben ter en conta é o do alumnado procedente de fóra da nosa comunidade, pois sen dúbida o descoñecemento do idioma de ensino é unha primeira e importante dificultade para enfrontarse á materia.

É preciso contar con ferramentas que busquen, nun primeiro momento, a integración plena deste alumnado nas aulas de LGL, e, nun segundo momento, lles faciliten a adquisición gradual das claves do idioma e as ferramentas para o seu manexo instrumental e o coñecemento da súa gramática.

No inicio do curso 2021/2022, unicamente hai unha alumna matriculada que se atope nesta situación. Non obstante, aínda que procede doutra comunidade, a lingua galega non lle é allea por motivos familiares e, pese a estar exenta, a súa incorporación ás clases non ofreceu dificultades ademáis de ser a súa actitude con respecto á materia excelente desde o momento da súa incorporación a este centro no segundo trimestre do curso pasado.

Por outra banda, no ámbito da diversidade, a adaptación da Programación Xeral será en moitos casos unha prerrogativa e un traballo de cada profesor/a, que será quen deba diagnosticar a situación de partida de cada alumno en base a unha avaliación inicial, e a partir de aí desenvolver estratexias de integración e de aprendizaxe con actuacións personalizadas, que por norma xeral implicarán unha redución dos contidos e das esixencias con relación ao previsto na Programación Xeral.



Obviamente, a aplicación das medidas que se programen estará supeditada á atención xeral ao grupo, sempre prioritaria. No caso de tratarse dun grupo de alumnos problemático ou de baixo nivel, a atención que requiren os alumnos do ámbito da diversidade pode verse limitada. Polo contrario, de tratarse dun grupo de bo nivel, o ambiente de traballo e a solidariedade poden axudar enormemente a que estas persoas progresen na materia.

No IES de Barro, en liñas xerais e ao non contar con alumnado de procedencia foránea, as medidas de atención á diversidade están motivadas polos distintos ritmos e as limitacións na aprendizaxe. Na sesión da avaliación inicial apróbanse medidas de Reforzo e ACI e quedan outras pendentes de resolución despois dunha ampliación do período de observación do alumnado na aula.

Para Lingua e Literatura de ESO, contémplanse actividades de atención á diversidade no propio libro do alumnado. A maiores, poderán usarse materiais (como a Proposta didáctica do libro de texto) para facilitar o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe. As ditas actividades son adecuadas ao currículo vixente para cada nivel da ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poidan presentar o alumnado.

## 7. CRITERIOS METODOLÓXICOS, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

Por todo o cal as liñas metodolóxicas xerais deberán:

- Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como en grupo.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Insistir na ordenación das ideas, comparación, xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados lóxicos que vaian desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.
- Estes propósitos intégranse na proposta de contidos para cada curso e que toma corpo nas unidades didácticas do libro do alumno.

Para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na materia de Lingua galega e Literatura, o profesorado valerase dos seguintes materiais e recursos didácticos:

- Plataforma e-Dixgal en todos os cursos da ESO, con todo o abano de recursos que nos proporciona este proxecto.
- Libros de apoio para a preparación da Unidade didáctica.
- Dicionarios de diferentes tipos: Dicionario da lingua galega. Dicionario de sinónimos e antónimos. Dicionario de galego-castelán/castelán-galego.
- Dicionario online da RAG.
- Recursos de internet.

## **8. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. ENSINO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL.**

### **A. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Os instrumentos estarán baseados na observación do desenvolvemento de cada alumno ou alumna dentro e fóra da aula e proporcionaran distinta porcentaxe á súa cualificación.

#### 1. TRABALLO DIARIO: 10% da nota avaliación trimestral.

Realizarase o seguimento individual de cada alumno ao longo das horas lectivas de cada avaliación. Esta observación está suxeita a diversas continxencias (alta “ratio” de alumnos por aula para falaren ou seren “observados”, maior ou menor participación, grao de espontaneidade) polo que a equidade e precisión deste instrumento de avaliación poden ser moi desiguais. Por iso, será de grande utilidade o caderno no que o alumnado vaia realizando determinadas actividades e do que se terán en conta aspectos como o esmero na presentación (limpeza, caligrafía...), a orde e o feito de que os posibles erros teñan sido obxecto de corrección. A valoración deste apartado, en cada avaliación, será como máximo o 10% da nota da avaliación trimestral.

Neste apartado inclúense os seguintes métodos:

#### 1.1. ACTIVIDADES DE AULA.

Durante as sesións académicas na aula ao alumnado poderáselle propor traballos ou exercicios de diversa índole, colectivos ou individuais, con resolución oral ou escrita, que permitan valorar a súa evolución.

#### 1.2. EXERCICIOS EXTERNOS.

Fóra da actividade regrada no centro, a proposta do profesor, realizaranse exercicios relacionados cos contidos tratados na aula (comentarios, test, elaboracións de textos de diverso tipo...). Estes exercicios poderán ser de carácter voluntario ou obrigado, segundo o criterio do profesorado, e a corrección dos mesmos poderá ser xeral ou apenas seleccionando algúns.

#### 2. PRBAS DE LECTURA DE LIBROS: 10% da nota avaliación trimestral.

2.1. Probas de libros de lectura obrigada (unha por trimestre): 10% da nota da avaliación trimestral.

Ao longo de cada trimestre cada alumno ou alumna deberá demostrar a lectura de, como mínimo, un libro proposto polo docente, segundo o método que considere máis conveniente (lista aberta, lista pechada, lectura obrigada...). Da lectura deste libro deberán dar conta nunha proba específica (oral ou escrita, segundo o criterio do profesorado). A nota obtida nesta proba poderá achegar ata o 10% da nota de avaliación do trimestre correspondente (1 punto).

2.2. Probas de libros de lectura voluntaria (nota final).

Para alén das descritas arriba, ao longo do primeiro e segundo trimestre, o profesorado poderá realizar outras probas (orais ou escritas) sobre dous libros escollidos polo alumnado de maneira voluntaria entre os propostos nesta programación. Correspondéndolle a cada libro 0'5 ptos. como puntuación máxima que se sumará á nota final, resultante da media dos tres trimestres. Como consecuencia as lecturas voluntarias terán como máximo un valor de 1 punto que se agrega á nota final de curso.

En caso de o profesor ou a profesora optar por realizar de modo oral as probas de lectura obrigada poderá, nesa mesma proba, avaliar a capacidade do alumno no que respecta aos contidos do bloque 1: Expresión oral: oír e falar, que corresponde a un 10% da nota total do trimestre.

De non se faceren as probas dos libros obrigados de maneira oral seguirase o punto catro deste apartado (Probas orais) para a comprobación das destrezas do bloque 1: “Comunicación oral. escoitar e falar”.

3. PROBAS ORAIS: 10% da nota da avaliación trimestral.

A proba de competencia oral poderá realizarse, á parte de coas notas de aula tomadas sobre o bloque 1, mediante intervencións que abranguen un amplo espectro de participacións orais na aula durante o desenvolvemento da clase (respostas a preguntas xerais ou particularizadas, aclaracións a outros compañeiros, aplicación de coñecementos adquiridos para solucionar dificultades que poidan xurdir). Esta avaliación será computada polo profesor no decurso dos períodos lectivos. Tamén se poderá valorar neste apartado a comprobación da lectura de libros obrigados, nos casos en que os profesores decidan realizala de forma oral, mediante a realización de exposicións orais na aula ou gravacións en vídeo sobre un contido ou un aspecto da programación oficial, segundo o criterio do profesor ou profesora.

En calquera dos casos a exposición oral permitirá avaliar o desenvolvemento das capacidades da alumna ou alumno no que respecta aos contidos do Bloque 1 (Falar e escoitar). Na avaliación da exposición ou proba oral entrarán a se considerar tanto os aspectos teóricos da presentación como os lingüísticos orais, (adequación ao nivel, vocabulario, claridade expositiva, fonética, corrección gramatical, etc.) como a claridade expositiva e a capacidade de controlar as propias emocións durante a

exposición. É así que se avaliarán estándares de aprendizaxe (e os contidos correspondentes) como os referidos á capacidade de uso e planificación do discurso oral, os referidos ao discurso oral espontáneo, á argumentación e os da revisión do proceso de elaboración así como os referidos á procura e contraste de información, planificación e presentación de discursos orais.

#### **4. PROBAS ESCRITAS:** 70% da nota avaliación trimestral.

##### **4.1 Exames trimestrais (ordinarios):**

Os exames serán probas xerais que todos os alumnos dunha aula deberán realizar na mesma data (salvo casos excepcionais xustificados). Neles farase unha comprobación dos estándares establecidos para o trimestre escolléndose, a criterio do profesor, aqueles que sexan máis significativos para comprobar a consecución da adquisición de capacidades básicas.

En cada avaliación realizaranse, como norma xeral, dous exames, sen prexuízo de que os profesores poidan establecer máis exames para a avaliación dun trimestre.

A media da valoración destes exames poderá supor ata o 70% da nota total da avaliación de cada trimestre.

As alumnas e alumnos que non acaden a media de 5 puntos ao se calcular a media das notas dos tres trimestres poderán recuperar a materia mediante actividades e probas que se relizarán entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final ordinaria.

O alumnado que acadase a media de 5 puntos poderá mellorar a súa cualificación mediante esas mesmas actividades e probas realizadas entre a terceira avaliación e a final, en que se fará efectiva a cualificación definitiva de cada alumno ou alumna.

### **B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Aínda que a avaliación dos alumnos debe considerarse como o resultado final do proceso de ensino-aprendizaxe ou como o resultado de cada ano académico, os alumnos serán avaliados, conforme se vén facendo desde hai tempo, durante cada ano académico, en tres períodos ou etapas. Estes tres diferentes momentos correspóndense coas tres avaliacións tradicionais: a 1ª avaliación, o 2 de decembro; a 2ª avaliación, o 9 de marzo e a 3ª avaliación, a partir do 6 de xuño. O alumnado que non acadase a cualificación de aprobado nesta avaliación será avaliado novamente a partir do 23 de xuño.

#### **1. AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS.**

Como indica o texto do decreto de 29 de xuño de 2015, en cada avaliación o profesorado debe outorgar a cada alumno ou alumna unha nota (numérica e

conceptual no presente modelo) para definir o grao de consecución do seu proceso de aprendizaxe. Seguindo este método, a nota de cada avaliación procederá dos resultados obtidos polo alumnado a través dos diversos instrumentos de avaliación definidos arriba no apartado correspondente desta programación.

A nota numérica será o resultado obtido da suma dos diversos procedementos de avaliación arriba indicados. O procedemento de “traballo na aula” ten un valor máximo de 10% da nota da avaliación, os exames escritos trimestrais representan o 70 % do total da nota do trimestre, a proba sobre o libro de lectura obrigada en cada avaliación valerá outro 10% e a nota obtida na comprobación de competencia oral suporá o 10% restante.

## 2. AVALIACIÓN FINAL.

A nota final do curso resultará da media aritmética dos resultados das tres avaliacións. O alumnado que obtiver 5 ou máis puntos nesta media aritmética das notas trimestrais estará aprobado e, no caso de ter feito algunha proba sobre lecturas voluntarias, sumarase a súa nota á media das avaliacións. As actividades e probas realizadas a partir da terceira avaliación parcial tamén poderán mellorar a súa cualificación na avaliación final.

Se a media das tres avaliacións é unha nota inferior a 5 puntos, deberá realizar actividades e probas coas que poder recuperar a materia. Porén, se a nota media fose de 4 e ao longo do curso tivese realizado proba de un ou dous libros voluntarios, a puntuación obtida, poderá sumarse á media e, de ser igual ou superior a 5 o resultado final, as actividades e probas das últimas semanas servirán para mellorar a cualificación.

A nota final de cada avaliación redondearase ao número enteiro superior a partir das cinco décimas e ao enteiro máis baixo se o decimal é inferior a cinco.

## **C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

Os criterios de cualificación son os mesmos para todos os cursos da ESO. Para superar a materia de Lingua Galega e Literatura temos en conta catro apartados aos cales lle asignamos os seguintes valores con respecto á nota da avaliación:

<b>Traballo diario / caderno (10%)</b>	<b>-----1 punto.</b>
<b>Proba sobre o libro de lectura obrigatoria (10%)</b>	<b>----- 1 punto.</b>
<b>Probas orais (10%)</b>	<b>-----1 punto.</b>
<b>Probas escritas (70%)</b>	<b>-----7 puntos.</b>

O alumnado procurará esmerarse na presentación de todos os seus traballos, exames ou cadernos atendendo ás marxes, á caligrafía, á escolla do léxico evitando a súa pobreza e os castelanismos e respectando as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Cada falta de ortografía restará 0,1 puntos e do mesmo xeito actuarase cos demais aspectos mencionados ata un máximo de 1 punto. No curso 2020/2021 non se aplicou este desconto por mor da especial situación dese ano académico e do anterior, aínda así o alumnado foi advertido en reiteradas ocasión da necesidade de corrixir esas eivas con vistas ao curso 2021/2022.

A información resumida deste apartado seralle transmitida a todo o alumnado nas primeiras semanas do curso. Tamén nestes primeiros días, será informado de que esta sección da programación didáctica permanecerá no taboleiro da aula até o final de curso para resolver as súas posibles dúbidas.

#### **D. ENSINO NON PRESENCIAL.**

No suposto de ensino non presencial, seguirase traballando dentro do espazo Abalar co proxecto E-Dixgal mantendo no posible a orde das seccións e das tarefas tal e como se desenvolveron no ensino presencial, para facilitar que o alumnado continúe coa rutina adquirida. . As comunicacións co alumnado e coas familias poderán realizarse a través de abalarMóbil ou do correo electrónico.

##### **1. METODOLOXÍA.**

Na situación de ensino non presencial propoñeranse distintos tipos de tarefas:

- Actividades de reforzo, destinadas a fixar os contidos adquiridos.
- Actividades de ampliación para traballar os estándares mínimos esixibles recollidos nesta programación no apartado correspondente en letra grosa.
- Actividades de recuperación para que o alumno adquira os coñecementos relativos ós estándares xa avaliados, pero non acadados .

A metodoloxía atenderá especialmente á conectividade do alumnado, seleccionando as actividades que se consideren máis axeitadas para reducir o seu número por unha parte, e ofrecendo, na medida do aceptable, flexibilidade no prazo de entrega, por outro.

Así mesmo, procurará ser motivadora, respectando e valorando a diversidade e deixando que cada alumno ou alumna desenvolva as súas competencias, actuando a persoa docente como guía no proceso de aprendizaxe.

Seguirán empregándose os mesmos recursos, en distinta medida, que no ensino presencial: libro dixital, libros de lectura, recursos en Internet...

##### **2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

A cualificación obtida no ensino presencial considérase máis fiable para valorar o proceso de aprendizaxe do alumnado, polo que en caso de ter que realizar as probas de avaliación de maneira telemática estas non terán o mesmo valor. Procurarase que a cualificación obtida mediante o ensino telemático non altere ficticiamente, en ningún sentido, a que realmente lle corresponde a cada alumno ou alumna. Deste xeito, se

nunha avaliación hai unha parte de ensino non presencial outorgaráselle unha porcentaxe do 20% da nota da avaliación, correspondéndolle o 80% á actividade realizada no período de ensino presencial. Por outra banda, se unha avaliación se desenvolve integramente de maneira telemática suporía o 20 % da nota final, fronte ao 80% que valería o resto do traballo do curso.

Así, tendo como referencia a cualificación obtida polo alumnado en modo presencial, propoñeranse actividades de reforzo e ampliación para mellorar a súa nota. Xa que logo, calquera alumno podería mellorar a súa cualificación en ata 2 puntos.

Do mesmo xeito, se for preciso, propoñeranse actividades de recuperación, valoradas cunha nota máxima de 5 puntos para o alumnado que teña partes avaliadas con nota inferior a 5. Estas actividades de recuperación acompañaranse dunha rúbrica na que figuraran os estándares avaliados e a súa valoración.

Dada a importancia, con vistas á cualificación do alumnado, das dúas probas escritas de cada avaliación e das actividades e probas de recuperación de xuño, procurarase que estas poidan desenvolverse de xeito presencial porén, en caso de que isto non sexa posible debido á situación de emerxencia sanitaria, habilitaranse probas telemáticas.

## **9. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.**

### **9.1. DE PLANIFICACIÓN.**

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

### **9.2. DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO.**

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.



2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

### **9.3. DE DESENVOLVEMENTO DO ENSINO.**

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos de forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

### **9.4. DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.**

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.

7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

## 10. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A práctica docente reproduce decote as vivencias do mundo exterior, este feito ofrécelle ao profesorado a posibilidade de incorporar con naturalidade os temas transversais ao desenvolvemento curricular da materia de xeito coherente.

Estes elementos transversais estarán presentes na nosa materia en todos os cursos, sempre adaptados ao nivel, mediante un uso non discriminatorio da lingua con criterios ligados á linguaxe non sexista.

Desta maneira, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A seguir os elementos transversais a traballar en todos os niveis:

- Educación cívica, elemento transversal de referencia sobre o que xiran os demais temas transversais e que serve para analizar criticamente a realidade cotiá e as formas sociais máis xustas e axeitadas para a convivencia coa finalidade de formar hábitos que reforcen valores de xustiza, solidariedade, cooperación e/ou respecto pola natureza.
- Educación para a igualdade de oportunidades ten como finalidade fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Educación para a paz promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de

dereito, a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Educación para a prevención da violencia. A programación debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- Educación para a igualdade de sexos. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Educación emprendedora. A Consellería fomentará que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Educación e seguridade viaria. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas para evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- Educación do consumidor para pór en práctica os dereitos e obrigas como consumidor responsable, valorando criticamente o impacto da sociedade de consumo sobre o medio.

## 11. PRIMEIRO CURSO DA ESO.

### 11.1. INCORPORACIÓN AO PROXECTO E-DIXGAL

O IES de Barro está adscrito á rede ABALAR, incorporándose tamén este curso ao PROXECTO E-DIXGAL o alumnado de 3º e 4º de ESO.

A materia de Lingua Galega e Literatura é unha das que traballa con este proxecto que implica, como é sabido, que o desenvolvemento da actividade educativa se realice cos medios que proporcionan as TIC facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos que poidan levar a cabo o seu proxecto curricular.

Este novo curso, polo tanto, todos os cursos da ESO desenvolverán o seu proceso de aprendizaxe na materia de Lingua Galega e Literatura partindo desta plataforma dixital, aínda que, ademais do caderno do alumno en papel, se poderán utilizar tamén como apoio libros ou outro tipo de material didáctico.

### 11.2. OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos concretos para este 1º curso da ESO son:

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.

12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuizos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

### 11.3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO, MÍNIMOS ESIXIBLES (EN LETRA GROSA) E COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
<b>Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar</b>				
d e h l ñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).  LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL CAA
d e h	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Interpreta correctamente un fragmento dun texto instrutivo e realiza deducións sobre o seu contido.</b></li> </ul> LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Escoita activamente e segue as instrucións para a realización da tarefa.</b></li> </ul>	CCL CAA

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
a c d h	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	<p>LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Respecta as quendas de fala.</b></li> <li>• <b>Manifesta respecto polas opinións alleas.</b></li> <li>• <b>Emprega unha linguaxe non discriminatoria.</b></li> <li>• <b>Intervén na orde que lle corresponde.</b></li> <li>• <b>Escoita con atención e actitude respectuosa as intervencións alleas.</b></li> <li>• <b>Coñece as características propias da conversa espontánea, así como as pautas xerais para manter interaccións orais eficaces.</b></li> <li>• <b>Valora positivamente e avalía as producións orais claras, coherentes e adecuadas ao contexto.</b></li> <li>• <b>Recoñece a relevancia das normas de cortesía, o respecto e o tacto.</b></li> </ul> <p>LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.</p>	CCL CSC CAA CSIEE

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
a c d e h	B1.4. escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.	B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.	CCL
h o	B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.	B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. • <b>Consulta unha páxina web e selecciona contidos para a planificación dun relato oral.</b>  LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. • <b>Utiliza un programa informático de presentacións para apoiar e ilustrar a súa exposición oral.</b>	CD CAA CSIEE CCL
h o	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.  LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CAA CCEC



Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e g h	B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Emprega un rexistro adecuado, coherente, cohesionado e gramaticalmente correcto.</b></li> <li>• <b>Expón oralmente, de forma clara, adecuada e gramaticalmente correcta, os pros e os contras sobre unha situación dada.</b></li> </ul> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, <i>n</i> velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fala en galego de xeito fluído e cunha pronuncia correcta.</b></li> </ul>	CCL CSC CAA CSIEE

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza oralmente a descrición dun compañeiro ou compañeira empregando o léxico tratado na unidade.</li> <li>Participa con fluidez en intervencións orais espontáneas.</li> <li>Respecta as regras morfosintácticas do galego nas súas intervencións orais.</li> <li>Coida a súa pronuncia.</li> <li>Pronuncia correctamente as sete vogais, o n velar e o fonema fricativo palatal xordo.</li> </ul> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Incorpora ao seu discurso oral frases feitas traballadas na aula.</li> <li>Emprega un léxico rico e adecuado.</li> </ul> <p>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p>	
a c d h	B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).	B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	<p>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Reflexiona en equipo sobre distribución e a situación sociolingüística dos idiomas, respondendo preguntas e coa axuda dun mapa.</li> <li>Participa activamente no coloquio.</li> <li>Expresa a súa opinión empregando argumentos lóxicos, claros e coherentes.</li> </ul>	CCL CAA CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intervén activamente nun debate guiado.</li> <li>• Respecta as quendas de fala.</li> <li>• Escoita con interese e respecto as intervencións alleas.</li> <li>• Respecta as regras de interacción na posta en común de opinións.</li> <li>• Elabora argumentos lóxicos e comprensibles a partir dun tema proposto.</li> <li>• Respecta as regras de interacción.</li> </ul> <p>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios</li> <li>• . Atende as instrucións e responde as preguntas da persoa moderadora.</li> <li>• Segue as pautas para a organización do debate.</li> <li>• Atende instrucións e mostra respecto ante as intervencións alleas.</li> <li>• Atende as instrucións do/da docente.</li> <li>• Segue o guión proposto e cínguese ao tema.</li> <li>• Realiza propostas respectando as regras de interacción.</li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
a b c g h o	B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.	B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	<p>LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Procura información sobre o tema da exposición, tendo en conta o tipo de público ao que se dirixe.</b></li> <li>• <b>Elabora un guión coa idea central, as ideas secundarias e mais a estrutura da exposición.</b></li> </ul> <p>LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Manifesta autocontrol das emocións e autoconfianza ao falar en público.</b></li> <li>• <b>Fai un uso apropiado e eficaz dos xestos e a mirada.</b></li> <li>• <b>Emprega onomatopeas.</b></li> </ul>	CAA CCL CSC CSIEE

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<p>LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Utiliza convenientemente as pausas e modula o volume de voz en función dos contidos transmitidos.</b></li> <li>• <b>Coida a pronuncia ao falar en público.</b></li> <li>• <b>Realiza unha exposición clara, fai as pausas necesarias e varía o ton.</b></li> </ul> <p>LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Realiza unha narración oral cunha secuenciación lóxica, utilizando o rexistro adecuado e incorporando léxico formal.</b></li> <li>• <b>Emprega un rexistro adecuado e utiliza léxico formal e variado.</b></li> <li>• <b>Emprega o léxico adecuado.</b></li> </ul> <p>LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p> <p>LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Realiza unha exposición oral fluída, coherente e cohesionada e gramaticalmente correcta.</b></li> <li>• <b>Evita o uso de castelanismos e emprega un léxico adecuado.</b></li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
a d h l ñ	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	<p>LGB1.10.1. Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Respecta as quendas de palabra e non interrompe.</b></li> <li>• <b>Emite a súa opinión respectando as normas de cortesía e sen erguer a voz.</b></li> </ul> <p>LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Emprega fórmulas de cortesía adecuadas á situación comunicativa.</b></li> <li>• <b>Dá e interpreta instrucións para chegar dun punto a outro nun plano dado.</b></li> </ul>	CCL CSC CSIEE CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir</b>				
b f h	B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	<p>LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Resume o contido do texto en cinco liñas.</li> <li>• Resalta as ideas máis importantes dun texto mediante o subliñado.</li> <li>• Fai un resumo dun texto seguindo as pautas propostas na unidade.</li> <li>• Sinala os parágrafos que compoñen o texto. Realiza, seguindo unhas pautas, un esquema coa información máis relevante do texto.</li> </ul> <p>LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece a intención comunicativa a partir do contexto.</li> </ul> <p>LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Responde correctamente preguntas relativas ao contido da lectura.</li> <li>• Sintetiza a mensaxe dun cómic.</li> <li>• Recoñece o tema dun texto.</li> <li>• Compón o esquema xerarquizado de ideas dun texto dado.</li> <li>• Cualifica como verdadeiras ou falsas varias afirmacións relativas á lectura.</li> <li>• Converte afirmacións falsas en verdadeiras, de acordo co sentido do texto.</li> </ul>	CCL CD CAA

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<p>LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Busca nun dicionario impreso ou dixital palabras destacadas na lectura e explica o seu significado.</li> <li>• Une palabras tiradas do texto coas súas definicións.</li> <li>• Procura nun dicionario, impreso ou dixital, palabras destacadas na lectura, achega o seu significado e constrúe unha oración con cada unha.</li> <li>• Deduce polo contexto o significado de varias frases feitas.</li> <li>• Explica o significado que teñen no texto varios termos, coa axuda do dicionario.</li> </ul>	



Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Busca na lectura as palabras acaídas ás definicións dunha serie e escribe unha oración con cada unha.</li> <li>• Repara no significado das palabras para interpretar un caligrama.</li> <li>• Localiza nun texto palabras relacionadas cos medios de transporte.</li> <li>• Recoñece no texto a familia léxica de automóbil e complétaa con outrostermos.</li> </ul> <p>LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distingue entre comunicación verbal e comunicación non verbal reflexionando sobre as situacións comunicativas en que participa habitualmente.</li> <li>• Indica a función que representan diferentes iconas empregadas na comunicación dixital.</li> </ul> <p>LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. <b>Procura eficazmente información complementaria en Internet.</b></li> </ul> <p>LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Atribúelles aos personaxes do relato unha serie de adxectivos dados.</li> <li>• Clasifica unha serie de adxectivos segundo se refiran ao aspecto físico ou ao carácter.</li> <li>• Explica, empregando o propio léxico, enunciados tirados da lectura.</li> <li>• Elabora un esquema recollendo as vantaxes e inconvenientes sobre unha situación dada.</li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	<p>LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Recoñece como verdadeiros ou falsos varios enunciados relativos á lectura.</b></li> <li>• <b>Corrixe enunciados falsos relativos á lectura para convertelos en verdadeiros, conforme o sentido do texto.</b></li> <li>• <b>Completa o texto dunha receita cunha serie de verbos dados e seguindo as normas de redacción do texto instrutivo.</b></li> </ul>	CCL CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
d e h	B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	<p>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Distingue entre textos xornalísticos informativos e de opinión.</b></li> <li>• <b>Analiza noticias comprobando se responden aos «seis W» e aos criterios de redacción xerais.</b></li> <li>• <b>Le e manifesta explicitamente a comprensión e interpretación lóxica do texto.</b></li> </ul>	CCL CSC
d e h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.	B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	<p>LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.</p> <p>LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.</p>	CCL CD CAA CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e h	B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Coñece e emprega enderezos dixitais para a consulta de xornais electrónicos.</b></li> <li>• <b>Utiliza unha páxina web para realizar unha actividade de ampliación.</b></li> </ul>	CCL CD CAA
c d h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.  LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Reflexiona, a través da elaboración e comparación de dous titulares, sobre os prexuízos sexistas no tratamento da información.</b></li> </ul>	CCL CSC
h ñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.  LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.  LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL CD
b e h	B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Selecciona ideas e organízalas textualmente para elaborar un texto coherente.</b></li> </ul>	CCL CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extrae o tema dun texto.</li> <li>• Propón un título alternativo para un texto.</li> <li>• Redacta un texto expositivo breve empregando un esquema xerarquizado de ideas.</li> <li>• Repara na orde secuencial como elemento básico do texto instrutivo.</li> <li>• Organiza un texto instrutivo a partir dunha serie de instrucións escritas dadas.</li> </ul> <p>LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Identifica de forma guiada os factores que determinan o rexistro empregado nun texto dado: contexto, tema, destinatario e intención comunicativa.</b></li> <li>• <b>Escrebe unha serie de expresións en diferentes rexistros lingüísticos.</b></li> <li>• <b>Identifica no texto expresións coloquiais e escribe unha variante formal para cada unha.</b></li> </ul> <p>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos ediscursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.</p> <p>LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Sinala a organización das ideas por parágrafos nun texto.</b></li> <li>• <b>Delimita as oracións nos parágrafos dun texto.</b></li> <li>• <b>Distingue entre oracións e frases.</b></li> </ul> <p>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e h	B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	<p>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Redacta un texto breve sobre o tratado na lectura.</b></li> <li>• <b>Escrebe en grupo diferentes textos instrutivos propios da vida cotiá.</b></li> </ul>	CCL CSC
b e h	B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	<p>LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Escrebe tres titulares sobre temas de actualidade.</b></li> <li>• <b>Redacta unha noticia seguindo as pautas de resposta aos «seis W».</b></li> </ul> <p>LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.</p>	CCL CD CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e h	B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL CD
b e h	B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	<p>LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Escrebe un texto instrutivo de dez liñas.</b></li> <li>• <b>Redacta adecuadamente unha autodescripción breve, atendendo aos seus trazos físicos e psicológicos.</b></li> <li>• <b>Escrebe adecuadamente un texto dialogado relacionado coa lectura.</b></li> <li>• <b>Identifica os trazos lingüísticos propios do texto descritivo.</b></li> <li>• <b>Compara tres textos descritivos e identifica neles o obxecto da descripción, así como a presenza de adxectivos e comparacións.</b></li> <li>• <b>Distingue entre descripción obxectiva e subxectiva e ofrece exemplos dos dous tipos a partir de textos.</b></li> <li>• <b>Realiza unha descripción breve baseada nunha imaxe.</b></li> <li>• <b>Redacta un texto breve opinando, con argumentos lóxicos, sobre o un tema dado.</b></li> </ul>	CCL

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e h f	B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.	B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.  LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	CCL CD
b f h	B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.	B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.  LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	CCL CAA

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
<b>Bloque 3: Funcionamento da lingua</b>				
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Identifica e amplía o seu coñecemento do campo léxico do ensino.</b></li> <li>• <b>Achega a palabra precisa para unha serie de definicións.</b></li> <li>• <b>Relaciona antónimos en series dadas.</b></li> <li>• <b>Identifica en textos distintos campos léxicos.</b></li> <li>• <b>Identifica os sufixos que achegan determinados significados.</b></li> </ul>	CCL CD



Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adquire novo léxico mediante a relación de termos por sinonimia.</li> <li>• Identifica e relaciona verbos e substantivos do mesmo campo léxico.</li> <li>• Recoñece no texto estranxeirismos e achega solucións galegas para unha serie de préstamos innecesarios.</li> <li>• Identifica e emparella, mediante sinonimia, palabras tabú e eufemismos.</li> <li>• Evidencia a asimilación do concepto de sentido figurado.</li> <li>• Recoñece o que é un campo semántico.</li> <li>• Clasifica substantivos en campos semánticos.</li> <li>• Forma parellas de sinónimos cunha serie de verbos.</li> <li>• Emparella co seu significado varias frases feitas.</li> <li>• Nomea os dispositivos tecnolóxicos sinalados nunha ilustración.</li> <li>• Relaciona unha serie de definicións con termos relacionados coas computadoras e a comunicación por Internet.</li> <li>• Recoñece a presenza de estranxeirismos no léxico das tecnoloxías.</li> <li>• Indica dous significados diferentes para varios verbos polisémicos e constrúe cadanseu enunciado.</li> <li>• Recoñece no texto dous pares de palabras homófonas.</li> <li>• Identifica no texto fragmentos escritos nun rexistro culto.</li> <li>• Reescribe enunciados empregando diferentes rexistros (culto, coloquial e vulgar).</li> <li>• Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co coidado do medio.</li> <li>• Recoñece nun texto termos relativos ao coidado do medio e asóciaos ás definicións dunha serie.</li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
a d e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	<p>LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Le en voz alta prestando atención ao grao de abertura das vogais tónicas.</b></li> <li>• <b>Le palabras de acentuación dubidosa prestando atención á pronuncia.</b></li> <li>• <b>Diferencia a pronuncia de pares diacríticos con distinto grao de abertura nas vogais.</b></li> <li>• <b>Le un poema en voz alta fixándose na pronuncia das palabras con r.</b></li> <li>• <b>Le en voz alta palabras con x ou s prestando atención á pronuncia.</b></li> </ul>	CCL CAA
b e n l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	<p>LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Emprega o dicionario para contrastar o significado de termos homófonos.</b></li> </ul>	CCL CD

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL
b e	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	<p>LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Identifica substantivos nun texto segundo a súa clasificación semántica.</b></li> <li>• <b>Emprega correctamente as regras de formación do feminino e o plural na construción de enunciados.</b></li> <li>• <b>Recoñece o xénero de substantivos invariables e emprégaoos correctamente en oracións.</b></li> <li>• <b>Identifica adxectivos nun texto.</b></li> <li>• <b>Distingue entre adxectivos explicativos e especificativos e constrúe oracións con ambos os tipos.</b></li> <li>• <b>Transforma correctamente o grao dos adxectivos extraídos dun texto.</b></li> <li>• <b>Analiza a morfoloxía de palabras derivadas presentes no texto.</b></li> <li>• <b>Crea palabras derivadas a partir dunha serie dada.</b></li> <li>• <b>Recoñece adxectivos rematados en -ente, explica o seu significado e procura os seus antónimos.</b></li> <li>• <b>Recoñece e distingue os diferentes tipos de determinantes nun texto.</b></li> <li>• <b>Identifica nun texto as contraccións das preposicións cos artigos e realízaoos correctamente para completar enunciados.</b></li> <li>• <b>Escrebe os numerais cardinais e ordinais correspondentes a números dados.</b></li> </ul>	CCL CAA CSC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Emprega os indefinidos adecuados para completar enunciados, aplicando as normas de concordancia co substantivo.</li> <li>• Localiza e clasifica os pronomes tónicos e átonos dun texto.</li> <li>• Substitúe frases en oracións por pronomes átonos, distinguindo as funcións de complemento directo e indirecto.</li> <li>• Reescribe pares de oracións empregando correctamente conxuncións comparativas.</li> <li>• Emprega as formas pronominais axeitadas e no lugar correcto en enunciados dados.</li> <li>• Recoñece o xénero das palabras que rematan en -axe.</li> <li>• Completa unha serie de enunciados empregando adecuadamente o xénero dos artigos ante substantivos invariables.</li> <li>• Realiza correctamente as contraccións das preposicións cos artigos en enunciados.</li> <li>• Clasifica os verbos subliñados nun texto en irregulares e regulares.</li> <li>• Sinala a conxugación á que pertencen os verbos destacados nun texto.</li> <li>• Identifica a raíz e mais as desinencias de varias formas verbais dadas.</li> <li>• Localiza os verbos nun texto.</li> <li>• Recoñece o tempo verbal empregado nos verbos dun texto.</li> <li>• Indica o modo de formas verbais dadas.</li> <li>• Clasifica formas verbais dadas segundo a persoa, o tempo e o modo.</li> <li>• Forma os contrarios dunha serie de palabras empregando prefixos de negación.</li> <li>• Localiza nun texto formas verbais con alternancias vocálicas.</li> <li>• Conxuga en presente de indicativo verbos con alternancias vocálicas.</li> <li>• Identifica no texto verbos irregulares e sinala a súa raíz.</li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conxuga os verbos irregulares máis frecuentes en presente, pretérito e futuro de indicativo.</li> <li>• Substitúe as perífrases verbais dun texto por unha forma verbal simple e sinala as diferenzas de significado.</li> <li>• Relaciona unha serie de perífrases verbais cos seus significados.</li> <li>• Coloca pronomes átonos no lugar adecuado nunha serie de enunciados.</li> <li>• Repara, a partir do texto, en dúas palabras derivadas mediante os sufixos -ismo e -ista.</li> <li>• Escribe tres palabras derivadas con cada un dos sufixos e explica o seu significado.</li> <li>• Recoñece o procedemento de formación de palabras compostas a partir de termos do campo semántico estudado na unidade.</li> <li>• Explica o significado de varias palabras compostas e contrasta as súas definicións empregando o dicionario.</li> <li>• Completa enunciados empregando adverbios destacados nun texto.</li> <li>• Agrupa adverbios en series.</li> <li>• Agrupa locucións adverbiais segundo o seu significado.</li> <li>• Localiza as preposicións nun texto.</li> <li>• Identifica nun texto as contraccións de preposicións con determinantes..</li> <li>• Indica o xénero dos substantivos invariables dunha serie.</li> <li>• Identifica a función dos prefixos na formación de palabras e coñece o significado de re-, eco- e bio- nun texto dado.</li> <li>• Emprega os prefixos estudados para formar palabras a partir dunha serie de termosdada.</li> <li>• Repara no procedemento de formación de palabras mediante acomposición.</li> <li>• Achega, a partir dun texto dado, cinco palabras compostas e indica os lexemas que as forman.</li> </ul>	

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
e l n	B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Recoñece nun texto mecanismos de cohesión textual.</b></li> <li>• <b>Distingue entre mecanismos de repetición, substitución e deíxe e identifícaos en textos dados.</b></li> <li>• <b>Diferencia entre deícticos de persoa, espazo e tempo e identifícaos nun texto.</b></li> <li>• <b>Aplica mecanismos de substitución en enunciados para evitar repeticións.</b></li> </ul>	CCL CAA
e h	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos	CCL CAA
e h	B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Usa as regras de concordancia en frases nominais e adxectivas e recoñece os seus compoñentes.</b></li> <li>• <b>Identifica as frases preposicionais en enunciados e clasifica os seus elementos en relatores e termos.</b></li> </ul> LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Identifica o suxeito correspondente a cada un dos verbos subliñados nun texto.</b></li> <li>• <b>Recoñece nun texto verbos en función de predicado.</b></li> <li>• <b>Localiza no texto os suxeitos correspondentes aos predicados destacados nel.</b></li> <li>• <b>Sinala o suxeito nas oracións dunha serie e di que unidade desempeña esta función.</b></li> <li>• <b>Sinala o predicado nas oracións dunha serie.</b></li> </ul>	CCL CAA

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica razoadamente suxeitos elididos nun texto.</li> <li>• Identifica os complementos directos nun texto.</li> <li>• Substitúe os complementos directos por pronomes en enunciados.</li> <li>• Substitúe os complementos indirectos por pronomes en enunciados.</li> <li>• Identifica os complementos circunstanciais nunha serie de enunciados e indica de que tipo son.</li> <li>• Recoñece as unidades que desempeñan as función de CD, DI e CC en enunciados.</li> </ul>	
e h	B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	<p>LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distingue entre enunciados enunciativos, interrogativos, exclamativos, dubitativos, desiderativos e exhortativos.</li> <li>• Relaciona unha serie de situacións comunicativas dadas con tipos de enunciados.</li> </ul>	CCL CAA
e	B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.	B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	<p>LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	CCL CAA

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
b e h	B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD
b e	B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evita e recoñece implicitamente interferencias gráficas e fónicas con outras linguas próximas.</li> <li>• Valora o alto grao de intercomprensión entre as linguas peninsulares.</li> <li>• Recoñece nun fragmento dun texto literario tres linguas faladas no Estado e emprega os seus coñecementos para traducilo ao galego.</li> <li>• Completa un cadro ofrecendo a solución galega para termos expresados en varios idiomas peninsulares.</li> <li>• Deduce relacións de parentesco entre varias linguas peninsulares a través da comparación.</li> </ul>	CCL CAA



Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
<b>Bloque 4: Lingua e sociedade</b>				
ñ o	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. A lusofonía.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	<p>LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Valora a diversidade lingüística no mundo e amplía os seus coñecementos elaborando en grupo unha listaxe de idiomas.</b></li> <li>• Recoñece o concepto de familia lingüística.</li> <li>• <b>Deduce mediante o razoamento lóxico as relacións de parentesco entre as linguas románicas.</b></li> <li>• <b>Investiga a relación entre o número de linguas e o número de Estados en Europa.</b></li> <li>• <b>Analiza de forma guiada a situación sociolingüística das linguas faladas en Europa en relación cos procesos de colonización e conquista.</b></li> <li>• <b>Distingue entre linguas minorizadas e linguas dominantes.</b></li> <li>• <b>Valora as linguas como medios de relación e sinal de identidade dos pobos.</b></li> <li>• <b>Valora a riqueza lingüística e cultural do Estado español.</b></li> </ul> <p>LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.</p> <p>LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Achégase ao mundo lusófono e sitúa no mapa tres países non europeos de lingua portuguesa.</b></li> </ul> <p>LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.</p>	CCL CCEC CD

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
ñ o	B4.2. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. <ul style="list-style-type: none"> <li>Elabora, seguindo unhas pautas, a súa biografía lingüística.</li> </ul> LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.	CCL
ñ o	B4.3. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. Procura información en Internet sobre medidas destinadas á promoción do idioma. <ul style="list-style-type: none"> <li>Reflexiona sobre medidas públicas destinadas á normalización lingüística.</li> <li>Realiza propostas para a súa contribución persoal á normalización do idioma.</li> <li>Cita medidas de normalización lingüística realizadas polo seu Concello e mais polo Equipo de Dinamización Lingüística do centro.</li> </ul>	CCL CSC
ñ o	B4.4. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais. <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece a situación legal e social das sete linguas faladas no Estado español.</li> <li><b>Identifica nun mapa as comunidades bilingües ou trilingües do Estado.</b></li> <li><b>Reflexiona sobre o status oficial das linguas faladas no Estado.</b></li> <li><b>Repara no tratamento legal dos dous idiomas cooficiais no Estatuto de Autonomía de Galicia.</b></li> <li><b>Reflexiona sobre a situación de desigualdade do galego en certos ámbitos sociais.</b></li> </ul>	CCL

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
ñ o	B4.5. Prexuízos lingüísticos.	B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	<p>LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Valora o emprego do galego en diferentes estilos musicais e recoñece como válidas todas as linguas en todos os ámbitos.</b></li> </ul>	CCL CSC
h ñ o	B4.6. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.	B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	<p>LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Distingue conceptualmente as variedades xeográficas do estándar e valóraas como símbolo de riqueza lingüística e cultural.</b></li> </ul> <p>LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. Recoñece, coa axuda dun mapa, a variante dialectal propia da súa zona.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Asume a variante dialectal propia como a variedade habitual do seu contexto.</b></li> </ul> <p>LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Coñece e identifica os trazos dialectais principais dos tres bloques xeográficos.</b></li> <li>• <b>Clasifica enunciados dados segundo o bloque dialectal ao que pertencen.</b></li> <li>• Analiza unha transcripción e identifica nela os trazos propios do bloque dialectal do que provén.</li> <li>• Recoñece e clasifica trazos dialectais e establece comparacións co galego estándar.</li> </ul>	CCL CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
<b>Bloque 5: Educación literaria</b>				
h l	B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.	B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Le, comparte e observa na aula obras literarias do seu interese.</li> <li>• <b>Le comprensivamente unha banda deseñada.</b></li> <li>• Aprecia o valor estético da obra de xeito guiado.</li> <li>• Relaciona o sentido da obra coa propia experiencia.</li> </ul>	CCL CCEC
h l	B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Reflexiona sobre as semellanzas e diferenzas entre a literatura e outras manifestacións artísticas.</b></li> <li>• <b>Recoñece razoadamente o carácter literario do texto lido no primeiro apartado da unidade.</b></li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.</li> <li>• <b>Compara textos dos tres xéneros literarios e explica as características que os distinguen.</b></li> </ul>	CCL CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
h l	B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	<p>LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Le en voz alta poemas atendendo ao seu ritmo e musicalidade.</b></li> <li>• Reflexiona sobre as pautas de recitado dos poemas, en relación coa súa forma e contido.</li> <li>• Infórmase sobre a traxectoria do autor ou autora dos poemas lidos.</li> <li>• Desenvolve progresivamente o seu criterio lector.</li> <li>• <b>Explica o sentido dun caligrama.</b></li> <li>• Le expresivamente en voz alta un poema de elaboración propia e outro do seu coñecemento.</li> <li>• <b>Le comprensivamente poemas e explica o seu contido.</b></li> <li>• Sinala en dous poemas os versos que evidencian a subxectividade da voz poética.</li> <li>• <b>Distingue entre rima asonante e consoante e identifica esta última nun poema de Rosalía de Castro.</b></li> <li>• <b>Identifica anáforas en varios textos poéticos.</b></li> </ul>	CCL CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
h l	B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.	B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Infórmase sobre a traxectoria do autor ou autora do textos.</li> <li>• Desenvolve progresivamente o seu criterio lector.</li> <li>• <b>Distingue en textos narrativos as marcas de primeira ou terceira persoa da voz narradora.</b></li> <li>• <b>Le comprensivamente un texto narrativo.</b></li> </ul>	CCL CCEC
h l	B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes. Lectura dramatizada e comprensiva dun texto teatral.	B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes. <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza unha lectura dramatizada dun texto teatral, prestando atención á entoación e á pronuncia.</li> <li>• Infórmase sobre a traxectoria do autor ou autora do texto.</li> <li>• Desenvolve o seu criterio lector.</li> <li>• <b>Responde correctamente preguntas sobre o contido do texto.</b></li> <li>• <b>Caracteriza, mediante a escolla de adxectivos dados, os personaxes que interveñen no texto.</b></li> <li>• <b>Compara, a partir do texto, os trazos propios do xénero dramático cos do xénero narrativo.</b></li> <li>• <b>Indica os elementos descritivos presentes nunha anotación teatral.</b></li> <li>• <b>Analiza, de forma pautada, un texto teatral atendendo aos trazos definitorios, así como ás anotacións, os personaxes e o tema do diálogo.</b></li> <li>• <b>Realiza un resumo dun texto teatral.</b></li> <li>• Representa na clase unha obra teatral de elaboración propia.</li> </ul>	CCL CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
h l n	B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	<p>LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribe un texto para unha banda deseñada seguindo unhas pautas.</li> <li>• <b>A partir duns elementos dados (personaxes, espazo, tempo e feitos), escribe un relato desde diferentes puntos de vista.</b></li> <li>• <b>Escribe un título para un dos poemas lidos.</b></li> <li>• Escribe un poema de amor carente de verbos.</li> <li>• Escribe unha nova estrofa para un poema, mantendo a mesma estrutura, medida e rima.</li> <li>• Elabora en grupo un texto teatral aplicando os coñecementos adquiridos.</li> </ul>	CCL CCEC
h l n	B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	<p>LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. <b>Caracteriza o cómic como medio narrativo e coñece os seus trazos definitorios.</b></p> <p>LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Localiza no cómic elipses narrativas.</b></li> <li>• <b>Sinala no cómic diferentes tipos de plano e reflexiona de xeito guiado sobre o seu emprego en relación coa intención comunicativa.</b></li> <li>• <b>Sinala na banda deseñada diferentes tipos de globos.</b></li> <li>• Interpreta o significado de distintos tipos de globos.</li> <li>• Repara en signos cinéticos destacados na lectura.</li> <li>• Procura onomatopeas en diferentes cómics e realiza un glosario.</li> </ul> <p>LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe os trazos definitorios da canción.</li> </ul>	CCL CCEC

Obxectivos	Bloques de contido	Criterios de avaliación	Estándares e indicadores	Competencias
			<p>LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Determina o tema dunha canción de forma xustificada.</b></li> <li>• <b>Sinala o número de estrofas e versos que compoñen a canción.</b></li> <li>• <b>Identifica na canción o tipo de rima empregado.</b></li> </ul>	
e h l	B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	<p>LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece a plataforma pública galega de libros electrónicos e familiarízase coas súas normas de uso mediante a lectura comprensiva.</li> </ul>	CCL CCEC



### 11.4. AVALIACIÓN INICIAL.

Nas primeiras semanas do curso realizaranse probas orais e escritas de avaliación inicial que permitan ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno e detectar os posíbeis problemas que poidan existir. Asemade, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado, para levar a cabo unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación 0, isto é: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia, etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas, para solicitar a intervención doutros sectores se é necesario (titor, xefatura de estudos, departamento de orientación, familia...) e establecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Estas probas de avaliación inicial inclúen:

- Redacción contestando un breve cuestionario sobre a situación académica do alumnado, dificultades coa materia, expectativas de cara ao novo curso...
- Lectura en voz alta e cuestións sobre léxico...
- Partindo dun ditado, proba escrita con preguntas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.

Segundo a información previa á reunión da xunta de avaliación inicial sobre a situación do alumnado no curso anterior no que se refire a medidas de atención á diversidade, sabemos que están matriculados en primeiro curso de ESO cinco alumnos que xa tiveron ACI na materia de Lingua Galega e Literatura e cinco que xa contaron con reforzo educativo.

### 11.5. TEMPORALIZACIÓN.

Axustamos a temporalización da materia (contidos, obxectivos e estándares de aprendizaxe) seguindo o proxecto do libro dixital de edebé na plataforma e-Dixgal que se adapta ao currículo e lexislación vixente. Con todo, as primeiras semanas dedicaranse a traballar cuestións básicas de repaso, á marxe de que volvan figurar no currículo deste, centrándonos nas consideradas aprendizaxes previas imprescindibles. En liñas xerais, procurarase traballar na primeira avaliación as catro primeiras unidades do libro dixital, na segunda as catro seguintes e na terceira as catro últimas.

Ao estudo de cada unidade dedicaranse aproximadamente seis sesións, aínda que o número das mesmas poderá verse incrementado ou mesmo diminuído en función da resposta de aprendizaxe que se vaia acadando por parte do alumnado. Así mesmo, o profesorado terá liberdade, non obstante, para alterar a orde dos temas se o considera conveniente para o mellor desenvolvemento das aulas.

## 11.6. RÚBRICA CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

PRIMEIRO TRIMESTRE				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPEÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos. (CCL e CAA)	Non comprende nin interpreta ben a intención comunicativa de textos orais sinxelos.	Ten algunhas dificultades para comprender e interpretar a intención comunicativa de textos orais sinxelos.	Ten poucas dificultades para comprender e interpretar a intención comunicativa de textos orais sinxelos.	Comprende e interpreta correctamente a intención comunicativa de textos orais sinxelos.
1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. (CCL e CAA)	Cústalle bastante trasladar a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	Amosa algunhas dificultades para trasladar a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	Adoito traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. (CCL e CAA)	Amosa moitas dificultades para recoñecer, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	Amosa algunhas dificultades para recoñecer, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	Amosa poucas dificultades para recoñecer, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. (CCL e CAA)	Cústalle moito seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	Amosa algunhas dificultades para seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	Habitualmente segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	Sempre segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). (CCL e CSC)	Non coñece ben e nin aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	Coñece, pero non sempre aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	En xeral, coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	Coñece ben e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. (CCL, CAA, CSC e CSIEE)	Non recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Acostuma recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.

PRIMEIRO TRIMESTRE				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPEÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. (CD, CAA e CSIEE)	Amosa bastantes dificultades para consultar os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Ten algunhas dificultades para consultar os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Adoito consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. (CD, CAA e CSIEE)	Non é capaz de empregar as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas con algunhas dificultades.	Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas con escasas dificultades.	Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. (CCL e CAA)	Non aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, non recoñece os erros de produción oral propia e allea e non propón solucións para melloralas.	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e pero non propón solucións para melloralas.	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón algunha solución para melloralas.	Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. (CAA)	Non comprende, nin interpreta, nin rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	Ten algunha dificultade para comprender, interpretar e rexeitar os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	Habitualmente comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. (CCL e CCEC)	Non usa a variante dialectal propia nin a asume como a variedade habitual do seu contexto.	Amosa dificultades para usar a variante dialectal propia e para asumila como a variedade habitual do seu contexto.	Frecuentemente usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. (CCL e CSC)	Cústalle moito producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Presenta algunha dificultade para producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Adoito produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

PRIMEIRO TRIMESTRE				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). (CCL)	Non amosa fluidez á hora de participar en intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.	Non sempre amosa fluidez á hora de participar en intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.	Acostuma participar con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas da lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.	Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.
7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). (CCL)	Cústalle empregar nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	Amosa algunha dificultade para empregar nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	Adoito emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. (CCL)	Cústalle empregar nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Amosa algunha dificultade para empregar nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Adoito emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
10.1. Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. (CCL, CSC, CSIEE e CCEC)	Amosa moitas dificultades para participar en conversas informais nas que se intercambia información e se expresa a opinión, se fai invitacións e ofrecementos, e se pide e se dá indicacións ou instrucións sinxelas.	Amosa algunhas dificultades para participar en conversas informais nas que se intercambia información e se expresa a opinión, se fai invitacións e ofrecementos, e se pide e se dá indicacións ou instrucións sinxelas.	Amosa poucas dificultades para participar en conversas informais nas que se intercambia información e se expresa a opinión, se fai invitacións e ofrecementos, e se pide e se dá indicacións ou instrucións sinxelas.	Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo. (CSC e CSIEE)	Cústalle moito desenvolverse correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.	Presenta algunha dificultade para desenvolverse correctamente en situacións da vida cotiá que impliquen solicitar unha información ou un servizo.	Acotío desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

PRIMEIRO TRIMESTRE				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPEÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. (CCL e CCA)	Non domina ben o uso de técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	Utiliza algunhas técnicas de análise e síntese de contido.	Utiliza case todas as técnicas de análise e síntese de contido.	Utiliza técnicas de análise e síntese do contido variadas: subliñados, esquemas e resumos.
1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. (CCL)	Non recoñece ben a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	Ten algunhas dificultades para recoñecer a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	Habitualmente recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. (CCL e CCA)	Cústalle moito procurar o léxico descoñecido en dicionarios, analizar a forma da palabra ou deducir o significado polo contexto.	Procura o léxico descoñecido en dicionarios, pero non sempre analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra, pero, ás veces, non é capaz de deducir o significado polo contexto.	Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de Internet. (CCL, CCA e CD)	Amosa bastantes dificultades á hora de buscar información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.	Amosa algunhas dificultades á hora de buscar información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.	Decote busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.	Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de Internet.
1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. (CCL e CCA)	Non contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	Non sempre contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	Acostuma contrastar os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. (CCL e CSC)	Cústalle bastante comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	Ten algunhas dificultades para comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	Adoito comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.